



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 29 DE XUÑO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:05 horas do día 29 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 27-06-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández (asiste ata o apartado 4 b) e D. Francisco Javier Pardo espiñeira (asiste dende o apartado 4 c))

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Ignacio Ojea Pérez (asiste ao punto 4 b), 6 a), 7 a), e 8 a) .
D. José Angel Otero Lamas (asiste ao punto 2 c)).
D. Abtonio Villanueva (asiste aos apartados 2 a), 2 d), 3 b) e 5 a)).
D. Fernando Carballo (asiste ao apartado 2 b) e 4 a)).
Dna María Gómez Janeiro (asiste ao apartado 6 b), 7 b) e 8 b).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 04-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

b) Acta da sesión de 11-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

c) Acta da sesión de 18-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Acta da sesión de 20-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

e) Acta da sesión de 23-06-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de mantemento de software desenvolvido internamente . (expediente 7760-113).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1.- Aula Informática de Galicia S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control do público en Vigo (expediente 7144-612).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. Atlas Servicios Empresariales, S.L.
2. Gallega de Proyectos Y Servicios, S.A:
3. Eulen, S.A..
4. Dimoba Servicios, S.L.
5. Coyma Servicios Generales.S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións da concellería de Deportes.

Non se tratou este asunto xa que a empresa Eulen, S.A. Presentou unha solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas e este aínda non foi resolto pola Xunta de Goberno Local.

d) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Comprobose que SAVIA S.L., declarou a súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional e acreditou a propiedade do código fonte da aplicación GINPIX 7.

A Mesa acorda admitir admitiu inicialmente no presente procedemento ao licitador por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo. (expediente 5896-252).

Comprobose que Formato Verde S.L., declarou a súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional.

A Mesa acorda admitir admitiu inicialmente no presente procedemento ao licitador por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

3.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo. (expediente 5896-252).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

A oferta admitida pasa a informe do xervizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de mantemento de software desenvolvido internamente. (expediente 7760-113).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

A oferta admitida pasa a informe do xervizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións da concellería de Deportes.

Non se tratou este asunto pois aínda non se abriu a documentación persoal.

4.- Apertura de ofertas económicas.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control do público en Vigozoo (expediente 7144-612).

En acto público abriuse o sobre B “oferta económica” das ofertas presentadas:

- Atlas Servicios Empresariales, S.L. : propón unha rebaixa proporcional única do 5,5 % e unha bolsa de 100 horas.
- Gallega de Proyectos Y Servicios, S.A: propón unha rebaixa proporcional única do 6 % e unha bolsa de 300 horas.
- Eulen, S.A.: propón unha rebaixa proporcional única do 5,5 % e unha bolsa de 300 horas.
- Dimoba Servicios, S.L.: propón unha rebaixa proporcional única do 2 % e unha bolsa de 800 horas.
- Coyma Servicios Generales.S.L.: propón unha rebaixa proporcional única do 10 % e unha bolsa de 100 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 4 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad. (expediente 17498-332).

En acto público abriuse o sobre C “oferta económica” das ofertas presentadas:

- Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L.: propón un prezo de 434.660 euros, propón 60 horas de cursos e 10 días de actividades.

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público”. (expediente 7692-113).

En acto público abriuse o sobre C “oferta económica” das ofertas presentadas:

- Aula Informática de Galicia S.L.: propón un prezo de 54.450, incrementa o prazo de garantía e 2 anos e reduce o prazo de entrega en 2 meses.

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixueiro.(expediente 14667-333).

En acto público abriuse o sobre C “oferta económica” das ofertas presentadas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Empresas licitadoras	Lote nº1		Incre. G
	Prezo C/IVE	S/IVE	
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	70.724,38 €	58.449,90 €	24
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	66.402,34 €	54.877,97 €	36
CIVIS GLOBAL	73.238,88 €	60.528,00 €	60
INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL	62.799,00 €	51.900,00 €	60
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	58.936,99 €	48.708,26 €	108
ORECO SA	66.402,34 €	54.877,97 €	48
COPCISA, S.A.	67.761,82 €	56.001,50 €	176
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	69.616,34 €	57.534,17 €	60
ACEVI, S.L.	65.981,05 €	54.529,79 €	100
MONTAJES IGLESIAS, S.L.	66.900,00 €	55.289,26 €	100
NAROM, S.L.	64.123,44 €	52.994,58 €	48
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	68.970,00 €	57.000,00 €	96
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	62.001,71 €	51.241,08 €	96

	Lote nº2		Incre. G
	Prezo C/IVE	S/IVE	
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	44.617,90 €	36.874,30 €	24
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	44.776,88 €	37.005,69 €	36
ORESA SL	32.854,04 €	27.152,10 €	24
MECANO SPORT S L	48.751,15 €	40.290,21 €	48
CIVIS GLOBAL	44.407,00 €	36.700,00 €	60
INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL	42.350,00 €	35.000,00 €	60
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	40.802,60 €	33.721,16 €	108
ORECO SA	44.114,50 €	36.458,26 €	48
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	40.950,65 €	33.843,51 €	60
COPCISA, S.A.	40.341,58 €	33.340,15 €	181
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	44.607,31 €	36.865,55 €	60
ACEVI, S.L.	44.916,25 €	37.120,87 €	100
MONTAJES IGLESIAS, S.L.	45.700,00 €	37.768,60 €	100
NAROM, S.L.	43.240,16 €	35.735,67 €	48
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	43.681,00 €	36.100,00 €	96

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

5.- Apertura de ofertas técnicas e económicas en procedimientos negociados.

a) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

En acto público abriuse o sobre B “oferta técnica e económica” das ofertas presentadas:

- Savia: propón un prezo de 90.510,42 euros, un prezo hora de 98,31 euros e non oferta horas adicionais.

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

6.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”. (expediente 17478-332).

Faise entrega do informe da apareladora Municipal de 21-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación da oferta presentada.

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).

Faise entrega do informe da xefa do servizo de Patrimonio Histórico de 28-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación da oferta presentada.

7-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”. (expediente 17478-332).

Acéptase o informe da apareladora Municipal de 20-06-2016 dos criterios valorables mediante formula e clasificación da oferta presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).

Acéptase 0 entrega do informe da xefa do servizo de Patrimonio Histórico de 28-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación da oferta presentada.

8.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”. (expediente 17478-332).

Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”. (expediente 17478-332).” no seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	14,55

LOTE Nº 2

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
GONZALEZ PICHEL	84,55
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	29

LOTE Nº 3

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
HIROMEGAL	88,24
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	18,83

LOTE Nº 4

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
GONZALEZ PICHEL	82,50
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	50





**CONCELLO DE VIGO
CONTRATAÇÃO**

LOTE Nº 5

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	64

LOTE Nº 6

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	0

Segundo- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).” no seguinte orde decrecente:

ORECO, S.A. 88 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

9.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 10 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212)" no seguinte orde decrecente:

1º.- BANCO SANTANDER S.A.: 59,50 PUNTOS

2º.- BBVA AUTORENTING: 36,86 PUNTOS

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BANCO SANTANDER S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1466,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar **BANCO SANTANDER S.A.** o día 10 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida en data 22 de xuño de 2016 dentro prazo. A Mesa de Contratación celebrada o 29-06-2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 11 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por **BANCO SANTANDER S.A.**

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a **BANCO SANTANDER S.A.** o procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212), coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 989.416,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 167.629,92 euros.

O prezo mensual de cada unha das clases de vehículos e o seu detalle, con indicación da parte do prezo que corresponde ao uso, mantemento e seguro é o seguinte:

Clase vehículo	Nº vehículos	Prezo total mensual unidade (IVE engadido)	Prezo correspondente ao uso do vehículo (IVE engadido)	Prezo correspondente ao mantemento do vehículo (IVE engadido)	Prezo correspondente ao seguro (IVE engadido)
Clase 1	8	1.053,66 €	620,44 €	405,70 €	27,52 €
Clase 2	4	1.190,95 €	737,19 €	426,23 €	27,52 €
Clase 3	1	1.822,07 €	1.263,25 €	523,69 €	35,13 €
Clase 4	2	1.397,02 €	880,42 €	481,47 €	35,13 €
Clase 5	2	1.401,83 €	851,04 €	523,26 €	27,52 €

* Imposto IVE sobre aluguer e mantemento; imposto de seguro exentos con base na Lei 37/1992 de art. 4 do 28 de decembro sobre o Imposto sobre Valor Agregado

- Comprométese a substituír os neumáticos aos 25.000 kms de uso.
- Comprométese a contratar un seguro a todo risco coas seguintes coberturas:
 - Indemnización de 50.000 euros por falecemento do condutor con independencia de que sexa ou non o responsable da produción do sinistro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Indemnización de 50.000 euros por invalidez permanente do condutor con independencia de que sexa ou non o responsable da produción do sinistro.

- Aplicará un coeficiente de 0,0400 euros/m+IVE, consonte ao previsto no apartado 18E das FEC do PCAP no caso de exceso de quilometraxe .
- Aplicará, consonte ao previsto no apartado 18E das FEC do PCAP, un coeficiente de 0,0300 euros/km+IVE, no caso de que se realicen menos dos quilómetros anuais de media previstos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta”.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“ Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332)” no seguinte orde decrecente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
<i>Gas Natural Comercializadora, S.A.</i>	99,96
<i>Endesa Energía, S.A.U.</i>	81,2

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Gas Natural Comercializadora, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 692,84 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar *Gas Natural Comercializadora, S.A* o día 10 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida en data 17 de xuño de 2016 dentro prazo. A Mesa de Contratación celebrada o 29-06-2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *Gas Natural Comercializadora, S.A*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a *Gas Natural Comercializadora, S.A* o procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332), por un prezo de 200.000 euros e os seguintes valores A, B, C das tarifas 3.1, 3.2, 3.4 3 3.4:

TARIFA DE ACCESO	VALOR A	VALOR B	VALOR C
Tarifa 3.1	0,39547	0,03009	3,3347
Tarifa 3.2	0,39547	0,03009	2,7208
Tarifa 3.3	0,39547	0,03009	2,0912
Tarifa 3.4	0,39547	0,03009	1,7800

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (expediente 3517-440).

Non se tratou este asunto xa que aínda non se recibiu o certificado de non ter dédas de carácter tributario co Concello de Vigo.



d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais. (expediente 9408-111).

Deixase pendiente este asunto xa que o procurador Sr. Cornejo Molíns terá que presentar os certificados actualizados de non ter débedas de carácter tributario co Estado, Seguridade Social e comunidade autónoma de Galicia.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 12:35 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:37	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC42-C5D8BB-563D26-EVQRY2-Y8DPX3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		